



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A EMENDA DE DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E A SÚA CALIFICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA".

En Chandrexa de Queixa, a 1 de febreiro de 2019.

Nas dependencias da Casa do Concello de Chandrexa de Queixa, ás dez horas e cinco minutos constitúese a Mesa de Contratación, composta na forma seguinte:

Presidenta: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

Reunida a Mesa de Contratación e comezado o acto, considerando que na sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2019 acordouse requirir a TRONCOSO CASARES, S.L. e COVIASSTEC, S.L., para que no prazo de tres días hábiles dende a recepción da comunicación, procedesen á emenda da información non cumprimentada no DEUC, en concreto a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional, a Presidencia ordena a comprobación da documentación presentada de emenda do "sobre ou arquivo electrónico A", procedéndose ao exame da documentación conforme á cláusula décimo quinta dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

1. TRONCOSO CASARES, S.L.

Presenta o DEUC.

Comprobase que no DEUC cumprimenta a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional.

2. COVIASSTEC, S.L.

Presenta o DEUC.



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

Comprobase que no DEUC cumprimenta a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional.

Unha vez comprobada a documentación contida nestes e á vista do actuado, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

Único.- Declarar admitidas as ofertas presentadas por:

- SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.
- TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.
- COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32-240.210.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, en Chandrexa de Queixa sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do día un de febreiro de dous mil dezanove.

A Presidenta

A Secretaria

Os Vogais